

# bases da promoción benvida acceso indirecto

## 1T1 2023

### 1 obxecto

**R** Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U., en adiante **R**, presta os servizos de telefonía fixa e móbil e internet de alta velocidade, e decidiu lanzar unha campaña comercial de captación de clientes denominada “promoción benvida acceso indirecto 1T1 2023”, en adiante a promoción benvida, coas seguintes bases:

### 2 duración e ámbito

A promoción benvida está comprendida entre o 1/02/2023 e o 28/02/2023 para novos clientes particulares, en direccións de provisión que non reciban servizos de **R** nos doce meses anteriores á contratación, nas zonas de non cobertura de rede propia de **R**.

### 3 descrición da promoción benvida

A oferta de contratación do servizo de **R** baixo a promoción benvida é:

- instalación básica para novas altas: gratis nos mambos con internet, prezo sen promoción 180 € (148,76 sen IVE)
- mambo contratado conxuntamente cunha liña de

**móbilR** con desconto do 50 % na cota durante os 4 primeiros meses, despois prezos según tarifas vixentes.

- mantemento bronce con cota gratis durante 1 mes. Prezo sen promoción 5 €/mes.

### 3.1 paquetes de servizos de R

A efectos informativos indícanse os prezos sen promoción dos paquetes de servizos con ADSL de **R** con IVE, vixentes segundo tarifas en vigor, suxeitos a actualizacións:

<b>mambo</b>	<b>tarifa móbilR</b>	<b>cota mensual</b>
liña con tarifa plana a fixos, internet ata 20 megas, wifi incluído	lilim+ilim GB	89 €/mes (73,55 sen IVE)
	plana 50GB	69 €/mes (57,03 sen IVE)
	plana 30GB	65 €/mes (53,72 sen IVE)
	plana 15GB	59 €/mes (48,76 sen IVE)
	tarifa 0+5GB	56 €/mes (46,28 sen IVE)
	sen <b>móbilR</b>	49 €/mes (40,50 sen IVE)

### 3.2 paquetes de servicios de R mambo axiña

Produto dispoñible exclusivamente en ubicacións fixas onde non exista cobertura HFC ou FTTH e se dispoña de cobertura móbil 5G. A efectos informativos indícanse os prezos sen promoción dos paquetes de servizos con internet 5G de R, vixentes segundo tarifas en vigor, suxeitos a actualizacións:

<b>mambo axiña</b>	<b>tarifa móbilR</b>	<b>cota mensual</b>
internet 5G 150Mb	sen <b>móbilR</b>	34 €/mes (28,10 sen IVE)
	plana 30GB	49 €/mes (40,50 sen IVE)
	plana GB ilim*	59 €/mes (48,80 sen IVE)

Promoción liñas adicionais de móbil: nos mambos axiña con móbil, o prezo da primeira liña adicional é de 0 €/mes (prezo definitivo); esta liña debe ter o mesmo contido en GB e minutos que a liña incluída no mambo contratado.

Se necesitas máis liñas, podes contratar 3 liñas adicionais por 3 €/mes durante 12 meses. Despois da promoción o prezo destas liñas será o aplicable na oferta (tarifa ilimitada 5GB por 5 €/mes, ilimitada 10GB por 9 €/mes, ilimitada 30GB por 11 €/mes, GB ilimitados por 16 €/mes).

Para manter este prezo, a liña principal do mambo debe ter o mesmo contido en GB ou superior que as segundas liñas.

As segundas liñas adicionais: ilim 10GB por 9 €/mes, ilim 30GB por 11 €/mes e ilim GB por 16 €/mes terán un

prezo promocionado en función do mambo contratado.

Prezos con IVE.

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais de contratación. Tarificación por segundos.

SMS: 30 cent/sms (24,79 sen IVE).

Tarifa ilim+ilim GB: en roaming UE inclúe 23GB. Unha vez acadado este límite, redúcese a velocidade a 16Kbps. Se o cliente quere seguir navegando pode facelo a un custo de 3,63 €/GB (IVE incluído).

Tarifa ilim+30GB e tarifa ilim+10GB: acadado o límite de datos aplicaranse de forma automática aumentos de 1Gb sobre o bono contratado cun importe de 5 € IVE incluído, ata un máximo de 3 ao mes. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou liñas. Chamadas para uso interpersoal. Números pasarela excluído da tarifa.

\*Chamadas ilimitadas: as chamadas incluídas son interpersonais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e roaming zona 1, quedando excluídas as chamadas ao 902, números cortos e rede intelixente, números pasarela, roaming en zona 2 e 3 e internacionais, tarificación adicional e servizos premium. Non permitida a revenda nin o seu uso en centraliñas ou

liñas.

Prezos indicados para comunicacións interpersoais, a fixos e móbiles, en territorio nacional e uso vinculado á finalidade do servizo descrita nas condicións xerais de contratación.

### 3.3 principais opcións de servizos de **R**

#### 3.3.1 mantemento

<b>mantemento prata</b>	7 €/mes (5,79 sen IVE)
<b>mantemento bronce</b>	15 €/mes (12,4 sen IVE)

- tempo de resolución no caso de corte de servizo de 8 h laborables para o mantemento prata, e 48 horas naturais para o mantemento bronce e o básico. En caso de degradado no servizo, hai que multiplicar por tres os tempos de resolución indicados.
- presupostos reparación rechazados: inclúe os presupostos de terminais de cualquier marca, adquiridos a **R** e cuxa reparación xestionouse con **R**.
- garantía da rede interior de por vida (PTR, cableado, tomas).
- seguro de desprazamento, que inclúe:
  - reconfiguración de navegación internet (tcp-ip) para cablemódem (rtc non incluído) ata 4 pcs con

cablemódem router.

- sintonización de televisores conectados a **R**.
- reparación da rede interior instalada (PTR, cableado e tomas) ou conectada (cableado e tomas de teléfono reaproveitadas) por **R**.
- máximo de 3 actuacións por semestre (1 en caso de sintonización de televisores conectados a **R**).
- axuda para a configuración do terminal móbil en tenda **R** inclúe:
  - configuración punto de acceso internet no móbil, configuración correo no móbil, descarga de apps, traspaso de contactos, configuración de aplicación wificlientes, descarga e configuración nube **R**, eliminación do código de seguridade, actualización do software u optimización do rendimento do terminal.
- máximo 3 actuacións por trimestre (considéranse actuación cada unha das operacións descritas nos puntos anteriores).

#### 3.4 instalación básica

A instalación básica inclúe a instalación dun punto de terminación de rede integrado para os servizos de teléfono e internet de alta velocidade, a conexión dos terminais comprados ou arrendados a **R**, así como o

cableado dunha toma ou a conexión á rede interior de telefonía do cliente:

A instalación básica é propiedade do cliente, con excepción do punto de terminación de rede, e conta cunha garantía de 6 meses.

<b>toma ethernet</b>	45 € (37,19 sen IVE)
<b>toma adicional de telefonía</b>	30 € (24,79 sen IVE)
<b>desprazamento</b>	65 € (53,72 sen IVE)

O desprazamento facturarase en desprazamentos causados por incidencias orixinadas en equipos do cliente ou manipulacións indebidas e en instalacións de tomas adicionais de forma non simultánea coa alta.

#### **4 perda das vantaxes da promoción**

Mediante a contratación da presente promoción o cliente solicita expresamente recibir a factura en formato electrónico. Así mesmo para mantemento da promoción, o cliente deberá seguir con factura electrónica durante o período de vixencia da mesma. Se che interesa ter factura en papel, podes consultar as promocións dispoñibles en [www.mundo-R.com](http://www.mundo-R.com)

As vantaxes desta promoción están ligadas á permanencia na modalidade do servizo contratado durante 365 días completos e seguidos desde a provisión do servizo.

No caso de baixa total do servizo anterior a este período, o cliente deberá abonar a **R** o importe de 180 €, reducido de forma proporcional aos días de permanencia cumpridos.

#### **5 bases xerais**

Ao termo do período de aplicación da promoción, aplicaranse ao cliente, sen necesidade de comunicación previa, os prezos vixentes do servizo nese momento, que se atoparán publicados e actualizados en **[mundo-R.com/gl/info-legal](http://mundo-R.com/gl/info-legal)**

Todos os novos clientes, polo feito de participar nesta promoción, aceptan as presentes bases. Esta promoción comercial non é acumulable a outras ofertas e promocións. Bases elaboradas en febreiro de 2023.

A efectos de redondeo trabállase con 4 decimais en cargos e con 6 en tarificación de chamadas, que son redondeados a 2 decimais para facturación segundo a lei 46/1998.

Todas as condicións e produtos suxeitos a dispoñibilidade do servizo.

Para maior información consulta **R.gal** ou chama ao 1449.

**R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.**  
(A15474281); Real 85 A Coruña.

## PUBLICACION VELOCIDADES INTERNET

### 1. VELOCIDADES DAS MODALIDADES RELEVANTES DE INTERNET

produto	“anunciada baixada/ subida”	velocidade baixada (Kbps)			velocidade subida (Kbps)		
		máxima	“dispoñible normalmente”	mínima	máxima	“dispoñible normalmente”	mínima
<b>20M internet fibra óptica</b>	20Mbps/2Mbps	21.327	21.071	19.774	2.288	2.272	2209
<b>60M internet fibra óptica</b>	60Mbps/6Mbps	62.003	60.814	56.987	6.264	6.096	5455
<b>100M internet fibra óptica</b>	100Mbps/10Mbps	100.843	94.778	76.847	9.386	9.211	9144
<b>150M internet fibra óptica</b>	150Mbps/15Mbps	151.791	139.642	103.904	15.000	13.955	11171
<b>200M internet fibra óptica</b>	200Mbps/20Mbps	203.904	180.618	124.486	17.554	17.121	16928
<b>300M internet fibra óptica</b>	300Mbps/30Mbps	301.998	282.194	184.921	27.026	26.508	25822
<b>350M internet fibra óptica</b>	350Mbps/35Mbps	350.000	320.362	227.946	36.505	29.995	17465
<b>500M internet fibra óptica</b>	500Mbps/50Mbps	500.000	430.000	286.000	50.000	43.000	41000

## Velocidades das modalidades relevantes de Internet por FTTH

produto	“anunciada baixada/ subida”	velocidade baixada (Kbps)			velocidade subida (Kbps)		
		máxima	“dispoñible normalmente”	mínima	máxima	“dispoñible normalmente”	mínima
<b>100M internet FTTH</b>	100Mbps/100Mbps	100.000	100.000	95.000	100.000	97.000	90000
<b>200M internet FTTH</b>	200Mbps/200Mbps	200.000	195.000	180.000	200.000	190.000	140000
<b>300M internet FTTH</b>	300Mbps/300Mbps	300.000	275.000	210.000	300.000	240.000	180000

A “velocidade máxima” é a velocidade máxima que permite a rede para cada modalidade.

A “velocidade dispoñible normalmente” correspóndese coa media de velocidade das medicións realizadas polo Sistema de Sondas para a modalidade relevante que resulte máis equiparable.

A “velocidade mínima”, correspóndese co percentil 5, para o cal se toman todas as medidas da velocidade de transmisión conseguida, ordénanse de menor a maior e tómasse o rexistro correspondente ao 5 % de todas elas. É dicir, é a velocidade mínima alcanzada entre todos os intentos de descarga/subida exceptuando o 5 % de descargas/subidas máis lentas.

## **2. FACTORES RELEVANTES QUE LIMITAN LA VELOCIDADE**

### **A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:**

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

### **B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:**

1. A velocidade dependerá en todo momento do tráfico na internet existente, e do número de usuarios navegando simultaneamente, disminuíndo a velocidade cando aumenta o tráfico e os usuarios.
2. Para velocidades superiores a 100Mbps desde un PC é necesario que este dispoña dunha tarxeta de rede Gigabit Ethernet, de non ser así a velocidade quedará limitada pola que admita a tarxeta.
3. Número de dispositivos conectados ao Cablemodem e aplicacións executándose simultaneamente no PC.
4. Os programas Peer to peer (P2P) xeneran unha cantidade elevada de tráfico que pode provocar lentitude na navegación.
5. A presenza de virus no PC do cliente pode reducir considerablemente a velocidade de navegación.

6. As actualizacións automáticas do Software do PC aumentan o tráfico de datos, o cal leva unha baixada na velocidade de navegación.
7. Existencia de equipos de rede intermedios entre o PC e o Cablemodem (Routers, Switches, PLCs,...). A velocidade de acceso a internet verase condicionada polas limitacións propias destes equipos.
8. O cableado e equipamento suministrado por **R** debe manterse en perfectas condicións. Calquera manipulación dos mesmos por parte do cliente pode afectar na calidade do servizo.
9. Factores específicos de conexión a internet por wifi:
  - A señal wifi e a velocidade de navegación empeoran a maior distancia do Cablemodem.
  - A Cobertura wifi vese afectada pola tipoloxía da vivenda do cliente (paredes, encofrados ou calquera obstáculo físico) así como polas interferencias que xeran os electrodomésticos e aparellos electrónicos.
  - Saturación de bandas e interferencias con redes wifi colindantes con veciños.
  - Compatibilidade da versión de wifi do dispositivo conectado á rede wifi. Cada rede wifi pode obter por tecnoloxía unha velocidade máxima, para chegar



a dita velocidade máxima é necesario que todos os dispositivos sean compatibles coa versión da rede wifi.

- Método de encriptación da rede wifi.

## VELOCIDADES DE ACCESO A INTERNET EN TECNOLOXÍA MÓBIL

Información sobre a velocidade de internet en Telefonía Móbil

	velocidade anunciada (Mbps)		máxima velocidade conseguida (Mbps)	
	downlik	uplik	downlink	uplink
3G	16	4	16	4
4G	150	50	150	50

**R** publica as velocidades aplicables ás distintas modalidades de acceso a Internet no apartado de Tarifas que forma parte do contrato suscrito polo CLIENTE.

En relación ás devanditas velocidades publicadas, comunícase que os factores relevantes que poden limitar a velocidade que o CLIENTE poderá experimentar ao usar Internet, son os seguintes:

Dada a la natureza inalámbrica do servicio algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar na propagación da sinal.

## A) FACTORES SOBRE OS QUE O OPERADOR TEN CONTROL:

A interrupción ou degradación do servizo como consecuencia de operacións de mantemento de rede durante o tempo imprescindible para a realización das mesmas.

## B) FACTORES ALLEOS AO OPERADOR:

1. Tecnoloxía de acceso (2G, 3G, 4G, 5G) que estea dando cobertura e a banda de transmisión. A tecnoloxía de acceso (5G, 4G, 3G o 2G) vai determinar cal é a máxima velocidade obtida, independentemente do resto de factores. Así mesmo, en frecuencias baixas (banda 800MHz) a propagación das ondas radioeléctricas é mellor, e conséguese mellor cobertura dentro dos edificios e tamén mellores velocidades de acceso a internet desde o móbil. Doutra banda as frecuencias máis altas (2600MHz) teñen maior capacidade, aínda que a propagación é peor, co que empeora a cobertura en interiores.
2. Distancia á antena. A distancia respecto da antena tamén afecta á velocidade máxima que se pode conseguir, disminuindo ao afastarse da antena.
3. Cantidade de usuarios conectados de forma simultánea á antena que dá o servizo. A capacidade máxima da antena compártese entre todos os usuarios conectados á mesma. Desta forma, a maior número de usuarios conectados usando o servizo de forma simultánea, diminúe máis a velocidade experimentada.



4. Tipo de servizo utilizado polo resto de usuarios. A rede móbil debe distribuír a súa capacidade entre todos os usuarios que se conectan á vez tamén en función do tipo de servizo que demandan. Non se necesita a mesma capacidade da rede para enviar unha mensaxe de texto por unha aplicación de mensaxería, que para facer unha videoconferencia. En consecuencia o modo en que os usuarios utilizan o servizo acaba afectando á velocidade do resto de usuarios conectados nese momento.
5. Movemento do usuario.  
Atoparse en movemento tamén afecta á velocidade experimentada, producíndose unha maior baixada da velocidade cando aumenta a velocidade. Desta forma a baixada é inferior camiñando e incrementase ao moverse dentro dun coche. Capacidade do terminal ou o dispositivo utilizado polo usuario do servizo.
6. A tecnoloxía do dispositivo deberá ser compatible coa da antena á que se atopa conectado. Desta forma, se o dispositivo ten só tecnoloxía 3G non poderá alcanzar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 4G e se o dispositivo ten tecnoloxía 4G no poderá acadar a velocidade facilitada pola tecnoloxía 5G. Así mesmo, a calidade da antena do dispositivo do CLIENTE tamén afecta á velocidade experimentada.
7. Condicións xeográficas (incluído localización en interiores, garaxes, muros, ...).  
A situación do usuario e os obstáculos físicos que existan entre o mesmo e a antena afectan á velocidade experimentada.
8. Condicións climatolóxicas.  
Dada á natureza inalámbrica do servizo algunhas inclemencias climatolóxicas poden afectar na propagación do sinal.